cREAgal

Textos escritos

Opinión

As persoas que o escriben mostran os seus puntos de vista acerca de un tema en concreto.

Aparecen en medios de comunicación como son os xornais ou as revista.

- **Título:** todo texto de opinión precisa ter un título que sexa rechamante para a persoa receptora ou lectora do mesmo.
- **Introdución**: nesta parte vaise presentar o tema do que van a opinar. Adoita ser breve e ten que chamar tamén a atención.
- **Tese:** aquí as persoas emisoras mostran a súa postura co tema.
- **Argumentos:** como nos debates, precísanse argumentos ou razoamentos para demostrar a opinión da persoa autora.
- **Conclusión:** na última parte do texto de opinión móstrase a opinión persoal de quen escribe. Tamén se pode incluír un breve resumo do exposto.

"Esquema textos escritos opinión", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0